



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

**BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE
AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES**

1.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por obxecto a creación dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, mediante contratación laboral temporal ao abeiro do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cunha dobre finalidade:

- a) A substitución temporal das auxiliares de axuda no fogar coas que conta o Concello co obxecto de cubrir as súas vacacións, permisos e licenzas, así como as baixas por incapacidade temporal ou outras causas sobrevidas que poidan xurdir (substitución transitoria).
- b) A atención de posibles altas nun número superior ás que poidan cubrir as auxiliares de axuda no fogar coas que conta o Concello (acumulación de tarefas).

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior.

A creación da bolsa baséase nas necesidades temporais de persoal que poidan xurdir para que se poida dar un correcto servizo de axuda no fogar e que este non se vexa interrompido pola ausencia dos traballadores.

2.- FUNCIÓNS OU TRABALLOS A REALIZAR.

As funcións das auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Fornelos de Montes vixente.

3.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección, os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

2. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.

4. Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

5. Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

6. Titulación mínima requirida: Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de serviciossocioculturales e á comunidade. (Disposición Transitoria Primeira do Decreto 99/2012).

7. Coñecemento da lingua galega. De acordo ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da devandita Lei incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA 2, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba escrita sobre o coñecemento do idioma galego.

4.- MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO.



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

A duración do contrato e a xornada de traballo (completa ou parcial) será segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Fornelos de Montes.

A retribución bruta establecerase con referencia ao salario mínimo interprofesional.

5.- SOLICITUDES, APERTURA DA CONVOCATORIA E PRAZOS.

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes no prazo dos **cinco días hábiles** seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia no Rexistro do Concello de Fornelos de Montes.

6.- DOCUMENTACIÓN.

A solicitude do candidato deberá axustarse ó modelo que se inclúe nesta convocatoria como Anexo I, e se achegará a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- b) Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Anexo II.
- c) Fotocopia compulsada da titulación esixida. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- d) Relación de méritos que alega e a documentación xustificativa e compulsada de cada un deles (acreditaranse por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que se presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se considere que non estiveran suficientemente acreditados).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos ó procedemento (no que respecta a requisitos obrigatorios), que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros.

O tribunal valorará a documentación presentada por cada un dos candidatos. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos. En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso de méritos.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte.

A).- Experiencia profesional.- Máximo 5,00 puntos

Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública ou empresa privada (0,10 puntos/mes de servizo).

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado (meses de 30 días).

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse para a súa valoración, exactamente, do seguinte xeito:

- Os **Servizos prestados na Administración pública**, mediante **certificación** expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas ou mediante a presentación do modelo oficial da **vida laboral** aos que **deberán acompañar**, inescusablemente, os **contratos de traballo** debidamente rexistrados no INEM.
- Os **Servizos prestados en empresas privadas ou públicas**, mediante presentación do modelo oficial da **vida laboral** aos que **deberán acompañar**, inescusablemente, os **contratos de traballo** debidamente rexistrados no INEM.

En todo caso dos referidos documentos deberá desprenderse o posto de traballo que desempeñaba o interesado especificando as funcións e tarefas realizadas.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

B).- Formación complementaria.- Máximo 3,00 puntos

Pola realización de cursos de formación impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo público correspondente que se consideren relevantes para a praza que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenrolar, exceptuando xornadas, seminarios, conferencias... até un máximo de 3,00 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- Por cada curso de 20 a 50 horas: 0,25 puntos.
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de 101 a 150 horas: 0,75 punto.
- Por cada curso de máis de 150 horas: 1,00 puntos



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entederase que teñen menos de 20 horas e, polo tanto, non serán valorados.

Admítense tamén os cursos onde apareza a referencia de Acordos Nacionais de Formación Continua, por estar financiados polo FSE.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación do diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso; no suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en función das horas asistidas.

En caso de empate na valoración de méritos terá preferencia o candidato que obtivera maior puntuación na experiencia profesional e despois a formación complementaria. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización dun sorteo público para determinar a orde de puntuación.

8.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

9.- PROCESO DE SELECCIÓN.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos, que se fixará no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova resolución de Alcaldía estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal valorará os méritos alegados polos candidatos presentados, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello a acta coas puntuacións obtidas polos aspirantes ordenada de maior a menor puntuación. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

10.- CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo, aprobada por resolución da Alcaldía, ordenadas segundo a puntuación total obtida, para as futuras contratacións laborais temporais que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes por ausencia das auxiliares de axuda no fogar coas que conta o Concello para cubrir as súas vacacións, permisos e licenzas, así como as baixas por incapacidade temporal ou outras causas sobrevidas que poidan xurdir, así como tamén para cubrir altas puntuais que as primeiras non podan atender por ter completo o número de usuarios asignado.

No primeiro suposto será necesario que conste a documentación acreditativa das circunstancias persoais do traballador que conlevan a súa ausencia (ex. solicitude de vacacións ou parte de baixa). No segundo caso será necesario o correspondente informe do departamento de servizos sociais da necesidade por mor de novas altas de usuarios que non poden ser cubertas polos traballadores do Concello.

**C O N C E L L O**

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse mediante correo electrónico e telefonicamente. Neste suposto, o empregado público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta; realizando tres chamadas telefónicas o candidato, cun intervalo de media hora entre cada chamada telefónica.

No caso de rexeitamento ao posto ofertado o aspirante deberá manifestalo por escrito presentado no Rexistro de Entrada. Neste suposto pasará ó último lugar da bolsa de emprego, agás que concorra algunha das seguintes circunstancias e sempre que se xustifique documentalmete:

- Se atopen traballando nese momento ou estean en situación de activo.
- Por parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Que acrediten situación de baixa médica.
- Por enfermidade moi grave de cónxuxe ou familiar até o 2º grao de consanguinidade, acreditada por certificado ou informe médico e libro de familia.

O integrante da bolsa que asine un contrato de traballo co Concello causará baixa naquela, e unha vez que finalice o mesmo, volverá a causar alta na bolsa de emprego. Si a prestación efectiva do servizo derivada da contratación fose inferior a seis meses, non se perderá a orde de prelación na bolsa de emprego, de tal forma que, de xurdir novas necesidades irase acumulando a duración das relacións laborais, até que a última, sumada ás anteriores supere os seis meses, momento no cal esa persoa pasará a ocupar o último lugar da bolsa.

11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato realizarase mediante Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello. A persoa escollida deberá achegar no prazo de tres días hábiles con carácter previo á formalización do contrato:

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.
- Certificado do seu número de conta bancaria (IBAN).



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación, será substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo.

12. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



Tel. 986 76 84 09

Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

**ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CREACIÓN
DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO
CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES.**

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

TELÉFONO PARTICULAR

TELÉFONO MÓBIL

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

MUNICIPIO E PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

CORREO ELECTRÓNICO

DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 1) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 2) Que autorizo ó Concello de Fornelos de Montes para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido na convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

En Fornelos de Montes, a de.....de.....

Asdo:.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)**



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a..... provisto de DNI
nº....., con domicilio na R/..... núm.
..... piso..... C.P.....
Localidade,..... Municipio..... Provincia.....
..... Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das función ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.


En Fornelos de Montes, a de..... de.....

Asdo:.....



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)
—

Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11



DE
FORNELOS DE MONTES

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

— — — — —